

A Copa da Costa

A Copa da Costa xógase sempre desde fai cen anos o 13 de xullo. Hai 22 anos o meu pai xogaba no equipo cando disputaron a final da copa por última vez. Daquela , cando faltaban 50 segundos para que o árbitro asubiase o final, o meu pai errara un man a man co porteiro do Esteirana rematando o partido con empate a ceros. Nos penaltis, tirou o último e...¡ plaf ! . O porteiro sacouna coa puntiña dos dedos.

Todos os vecinos de Santa Comba esperan ansiosos a chegada da Copa da Costa. Gañala supón un gran mérito para o pobo. Os seus protagonistas son considerados heroes durante moito tempo. Este ano , Santa Comba – Negreira.

Desde que teño uso de razón recordo a meu pai contando historias de todo tipo, entre elas, a de aquela malograda final. A xente cando o escoitaba entusiasmábase moito, ata tal punto que era algo habitual atopalo en “A Nosa Taberna “ contando contos: Tristes, de aventuras, de medo, de lobos, de meigas, etc...A miña nai sempre me pedía que fora a buscalo á taberna á hora de comer. Eu nunca me atrevía a interrompelo porque a xente estaba gozando moi atenta cos seus relatos. Ao final acabábase chegando tarde a casa os dous e a miña nai berrábanos porque a comida enfriara.

O meu pai traballaba nunha queixaría na Pereira. Era formal no traballo, meticuloso e moi querido polos clientes e compañeiros. Recollía leite no camiión e levávoa á fábrica. Así día tras día, semana tras semana, mes tras mes e ano tras ano. Ata que un mal día tivo un accidente no camiión do que non puido sobrevivir. Eu coído que debe estar contándolle contos a San Pedro. Na casa botámolo moito en falta. Agora sempre comemos ás dúas en punto.

Chegou o gran día. Todo o mundo estaba moi nervioso polo partido e en Santa Comba respirábase un ambiente futeboleiro en todos os rincóns. Ese día as entradas estaban esgotadas, entereime na Nosa Taberna, que era o sitio onde nos reuniamos simpatizantes , xogadores e amigos do Santa Comba C.F. O bar témolo “ tuneado “ con todo tipo de obxectos, camisetas, bufandas e fotos de todo o equipo.

Todo o mundo ía ir ao campo de Fontela. Tamén o faría Susana, que non lle gusta o deporte. Estou namorado dela ata os ósos pero ás veces desenámome 90 minutos polo fútbol. Foi pasando o día ata que chegou o gran momento. Eu estaba moi nervioso, non podía parar de morder as unllas e revolverme dun lado a outro. Iso distaba moito do fútbol profesional. Non estaba Cristiano Ronaldo, Messi, Casillas nin Xisco e si Coque, Colás da Chousa, Che da Choupana e un servidor a quen coñecían por Ramiro o leiteiro. O ambiente na bancada era de tensión, os xiareiros levaban pancartas, bandeiras e carracas. Susana vendía gorras a dous euros. Os nosos cantaban con forza o himno do equipo:

“ O tren para
a xente alborota,
por ver ao Santa Comba,
tocando a pelota”.

Chegou o momento de saír ao campo. Mirei a bancada e vin a Susana máis guapa que nunca cunha gorra do equipo posta. Vinte e dous anos despois, eu tamén era o dianteiro centro do Santa Comba C. F. como fora meu pai . No palco de autoridades, Miguel Pérez, Javier Facal e os adestradores do Deportivo e do Celta.

Despois dun primeiro tempo igualado onde non houbo ocasións de gol, comezaba a decisiva segunda parte. Soou o asubío do árbitro e o partido volveuse tolo. O dianteiro do Negreira tras unha boa xogada espetou o balón no pau. Un minuto despois o noso central rematou de cabeza fóra cando estaba soíño. Os minutos pasaban e ninguén marcaba: faltas, desmarques, penetracións pero, ningún gol.

De súpeto, en medio do barullo, Che da Choupana envioume un pase en profundidade cun estilo Xavi o do Barsa. Escoitei o murmurio da xente que se poñía en pé e alí, diante de min, o porteiro do Negreira . Tirei raso con todas as miñas forzas e fíxose o silencio na bancada. O lanzamento foi fóra golpeando unha chapa que poñía “ Leite Feiraco “. Eu pensei : ¡ que mala leite ! E veume á cabeza o recordo de Manolo o Leiteiro, meu pai.

Rematou o partido con empate a ceros. Nos penaltis ninguén fallaba ata que o fixo o lateral do Negreira o cal deixaba nas miñas botas como último lanzador a posibilidade de levar á gloria ao Santa Comba C. F.

Collín o balón, coloqueino no punto de penalti, collín carreiriña e...¡ chutei ! O porteiro lanzouse como un gato dando un salto increíble. Tocou a pelota coa punta dos dedos e ¡ Gooooool ! O balón entrou na rede a pesar de todo. Mirei cara ao ceo e díxenlle a meu pai: “ este gol vai por ti , papá “.

Espero que alá no ceo lle conte esta historia aos seus amigos para que todo o mundo saiba que a Copa da Costa deste ano gañouna o Santa Comba C.F.

“ O tren pasa
a xente alborota
por ver ao Santa Comba
tocando a pelota “.

Sexto de Educación Primaria